

1. Fai un comentario do plano do casco histórico de Valencia.



RESPOSTA

Exercicio 1

O documento a comentar é un plano do casco antigo da cidade de Valencia. Trátase dun plano a gran escala (representa pouco espazo con moitos detalles). Este núcleo urbano, como aquelas cidades cunha longa historia, presenta unha morfoloxía e estrutura urbana complexa, na que poden distinguirse diferentes áreas. Esta comprende, como dixemos anteriormente, o casco histórico.

O plano representa a parte da cidade urbanizada desde a súa orixe ata o crecemento urbano de mediados do século XIX. O núcleo histórico de Valencia está **localizada** nunha chaira litoral do Golfo que leva o seu mesmo nome, perto da desembocadura do río Turia nun meandro que formou este río sobre un outeiro para evitar as inundacións. Este leito do río foi drenado e convertido en parque desprazando o leito actual cara o oeste e sur da cidade. A **situación** de Valencia é favorable con respecto ás comunicacións tanto terrestres (litoral levantino) como marítimas e está rodeada dun contorno con boas condicións agrícolas.

A cidade foi fundada no período da romanización e integrada na gran calzada litoral. Con funcións administrativas, militares e económicas (desenvolver a actividade agraria na chaira litoral do seu contorno). Ademais de restos arqueolóxicos deste período, só se mantén no plano un sector do cardo e o decumano situado no norte do casco histórico. Estrutura herdada dos vellos campamentos romanos e que foi aplicada ao urbanismo das cidades de orixe militar. Coa caída do imperio romano, Valencia sofre un descenso demográfico que só se recuperará e medrará a partir do século VIII coa chegada dos musulmáns.

A **cidade medieval musulmana** situada na parte norte e central do casco histórico, estivo rodeada por unha muralla (perímetro de cor azul no plano) entre o século VIII

ao século XIII. No seu interior atopábase a medina. A partir do século XI constituíuse un importante reino Taifa que dirixiu unha área moi ampla nos seus arredores. O plano é irregular, con rúas estreitas, tortuosas e prazas sen formas definidas.

A finais do 1/3 do século XIII, Xaime I de Aragón conquista Valencia. Iniciase o período cristiá. A **cidade medieval cristiá** herdará o espazo da cidade musulmá eliminando os usos da primitiva relixión (sobre a antiga mesquita edificárase a actual catedral na segunda metade do

s. XIII) pero conservarase o trazado das súas rúas. O barrio da xudaría, situado no interior da cidade, será amurallado en 1321 para protexer a esta minoría étnica dos ataques da comunidade cristiá. A mediados do século XIV, Pedro IV o Cerimonioso, amplía o perímetro da cidade que seguía o trazado da actual rolda –constituída polas rúas Guillén de Castro, Játiva e Colón–. (véxase a liña vermella). Dela consérvanse algunhas portas (como as Torres de Quart ou torres de Sérrano). As súas funcións eran defensivas, fiscais (cobramento de impostos) e sanitarias (illamento da cidade en caso de epidemia).

O plano foi irregular na época musulmá, con rúas estreitas e tortuosas e prazas sen formas definidas, e regularizouse lixeiramente trala conquista cristiá (1283). Esta irregularidade obsérvase sobre todo na súa parte norte, con centro na catedral. O perímetro urbano coas súas murallas conservarase ata mediados do século XIX. En 1865 serán derrubadas (conservándose só algunhas portas). Neste período a parte sur sufriu transformacións no abríronse novas rúas (aliñamentos regulares e ensanchado rúas) e prazas como a do País Valenciano, con motivo da instalación nesta zona da estación de ferrocarril.

A trama do casco antigo é compacta, xa que durante séculos, a poboación medrou dentro do recinto amurallado, o que traeu consigo unha progresiva densificación da trama.

A edificación, inicialmente de baixa altura, experimentou unha progresiva verticalización e un deterioro morfolóxico e social nalgúns zonas, que deu lugar a procesos de renovación e substitución por casas de maior altura e calidade.

Os usos do chan da cidade na época preindustrial foron residenciais, industriais (seda) e o comercio marítimo. Na actualidade, a parte sur alberga ao CBD, onde instálanse os comercios, oficinas, bancos e espectáculos. Algunhas áreas residenciais están degradadas (envellecemento poboacional, inmigración e marxinalidade) noutros sectores estase iniciando un proceso de xentrificación onde os sectores con maior poder adquisitivo están desprazando aos colectivos tradicionais da poboación do casco histórico.

O casco antigo conserva importantes monumentos, como a catedral e palacios e igrexas de diversas épocas.